

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

Número 149/2016

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DOS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIAR OS GASTOS DA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE IMPARTE E COLABORA A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN. 2016**

Na Coruña, a 5 de outubro de 2016

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela NIF Q-1518001-A e representante legal desta segundo o establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e no artigo 85.g dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro da Xunta de Galicia); e o Excmo. Sr. D. Evaristo Nogueira Pol, Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, facultado polo artigo 48.2º do Estatuto Xeral da Avogacía Española (RD 658/2001, de 22 de xuño). Ambolos dous actúan en calidade de Presidentes do Consello Directivo da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao teor do disposto na cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre ambas institucións o 29 de novembro de 1.994.

Doutra parte, o Sr. D. Xesús Manuel Soto Vivero, Deputado da Excma. Deputación da Coruña de Contratación, Patrimonio e Equipamento en virtude das resolucións da presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

Todas as partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e a tal efecto.

**MANIFESTAN:**

**PRIMEIRO.-** A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola Universidade e os Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións ofrecen aos licenciados e graduados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría, ademais de colaborar nas labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua), dos alumnos da licenciatura e do grado en Dereito (practicum), do Máster universitario en avogacía que imparten en Santiago a USC e o ICA en Santiago, e no programa

Superior de Excelencia en Práctica Xurídica que imparte o ICA de Santiago, entre outras actividades.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan prestar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

**SEGUNDO.-** A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e fundamentalmente na área de urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados e graduados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

**TERCEIRO.-** Consideran as partes asinantes de gran importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tempo que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña.

**CUARTO.-** A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar lóxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños.

Son pois, os concellos, a Administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axeitarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrpción de convenios.

**QUINTO.-** Mediante este Acordo, a Deputación de A Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia de A Coruña, que previa suscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas da mesma, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, ambas partes formalizan o presente Convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS:

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local, para o ano 2016, ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de

Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifestó polos concellos e colaborando a un cambio cara a un urbanismo e servizos de calidade, no que a formación é prioritaria.

## II. ORZAMENTO

A Deputación da Coruña comprométese á financiación do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000 euros para o ano 2016, o que representa un coeficiente de financiación do 100%. De acordo co seguinte detalle desagregado:

**A. GASTOS DE DESPRAZAMENTOS, MANUTENCIÓN,... DOS ALUMNOS: 36.0000 €,** para o ano 2016, e se distribuen da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2016 | NÚMERO ALUMNOS | IMPORTE ALUMNO/MES | IMPORTE TOTAL |
|-------------------|----------------|--------------------|---------------|
| SETEMBRO          | 20             | 450                | 9.000         |
| OUTUBRO           | 20             | 450                | 9.000         |
| NOVEMBRO          | 20             | 450                | 9.000         |
| DECEMBRO          | 20             | 450                | 9.000         |

**B. GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURA E XESTIÓN: 4.000 €** para o ano 2016, e se distribuen da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2016 | DURACION /MES | IMPORTE /MES | IMPORTE TOTAL |
|-------------------|---------------|--------------|---------------|
| Ano 2016          | 4 MESES       | 1.000        | 4.000         |

**C. GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL: 5.000 €** para o ano 2016, e se distribuen da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2016 | MATERIAL       | IMPORTE TOTAL |
|-------------------|----------------|---------------|
| Ano 2016          | Por determinar | 5.000         |

**D. COSTES DE FORMACIÓN: 3.000 €** para o ano 2016.

**TOTAL GASTOS: 48.000 Euros**

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEM PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 48.000 euros para o ano 2016, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo do seguinte xeito:

Ano 2016

36.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462/481

12.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462/453.90

partidas na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2016 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.

5. En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras xa que se financia o 100% do custo efectivamente realizado.

#### **IV.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e dos ilustres colexios profesionais.

#### **V. DESIGNACIÓN DE ALUMNOS, COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO E OBRIGA DAS PARTES.**

A Escola de Práctica Xurídica, designará de entre o alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora, os alumnos más idóneos para a realización das prácticas no seo das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos cos que subsciba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre ambas partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que os acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc, que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

#### **VI. COORDINACIÓN.**

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, a coordinación da distribución do alumnado nas dependencias das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos e a procura da súa mellor estancia e do correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu Director e a profesional colaboradora Dª María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, por parte da Deputación actuará como coordinador o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

#### **VII. DESENVOLVEMENTO.**

O número de alumnos que as Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos

previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas a realizar polos alumnos nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán as mesmas e a labor concreta que desenvolverán, estableceranse de mutuo acordo polas partes asinantes.


A Escola de Práctica Xurídica, remitirá á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, a súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumplimento das obrigas e dos traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta nas diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola.

## VIII. COMPROMISO DAS PARTES.

### A) GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN, ETC. DOS ALUMNOS:

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de urbanismo e relacionados dos concellos da provincia da Coruña, que previa suscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas que imparte e colabora, encargándolle a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos, reforzando así unha das carencias nos seus servizos postas de manifesto polos concellos.



A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ata un máximo de 36.000 € en concepto de gastos de desprazamentos, manutención, etc dos alumnos. Como regra xeral, o número de alumnos que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/mes, establecéndose un importe por cada alumno en concepto de indemnización (gastos de desprazamentos e manutención) de 450 € ao mes; indemnización que se poderá distribuir pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 375 € ao mes, más unha cantidade variable de 75 €, en función do kilometraxe. Dependendo das ocupacións formativas dos alumnos e da disponibilidade dos concellos a cifra de alumnos/mes poderá ser superior ou inferior á de 20, en tal caso a Escola de Práctica Xurídica debe garantizar que ao final da anualidade a cifra resultante de alumnos que realizaron as prácticas é equivalente a de 20 alumnos x mes x 4 meses, isto é, a 36.000 €.



Estas cantidades serán pagadas aos alumnos pola Escola de Práctica Xurídica unha vez sexa ingresado o seu importe na Universidade de Santiago-Escola de Práctica Xurídica. A Deputación abonará dito importe á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, previa xustificación da actividade realizada en cada mes. A aportación realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no período correspondente.



Excepcionalmente, cando o tutor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder a súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario de dez meses/ano, poderase acordar realizaras nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario. As cantidades establecidas en

concepto de indemnización para cobrar polo alumno durante o período ordinario, satisfaranse na súa totalidade ao rematar o período excepcional. Para o ano 2016 as partes acordan que as prácticas dos alumnos se concentren nun período de catro meses (septembro a decembro de 2016), a razón dun mínimo de tres e un máximo de cinco días á semana, e de seis horas/día.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica.

#### B) GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURAS E XESTIÓN:

Así mesmo establecese a cantidade de 1.000 € ao mes, durante un período de cuatro meses, como contribución aos gastos de coordinación (4.000€) que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe abonarase pola Deputación á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, na conta que a Escola designe para tal efecto, e tras xustificación da actividade realizada. Para o ano 2016 as partes acordan que a cantidade para a contribución aos gastos de coordinación será de 1.000 euros ao mes durante cada un dos catro meses nos que se concentrarán as prácticas que realicen os alumnos durante a dita anualidade.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica.

#### C) GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL:

A Deputación financiará igualmente cunha cantidade de 5.000 € para o ano 2016, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade, tal como bibliografía, fotocopias, material informático e audiovisual, mobiliario, acondicionamentos menores das súas instalacións,etc. No suposto de que os gastos xustificados foran superiores, a Deputación aportará ata a cantidade máxima de 5.000 € para o ano 2016.

A xustificación destes gastos farase mediante copia compulsada das facturas e informe do Director da Escola de Práctica Xurídica.

#### D) GASTOS DE FORMACIÓN:

A Deputación financiará cunha cantidade de 3.000 € unha parte dos custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica, que poderá ser ratificada, no seu caso, polos órganos competentes da Universidade.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que será a cargo da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas continxencias.

A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais ou colaboradores da mesma para as labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento do alumno en prácticas non establece ninguna relación laboral ou funcional coa Universidade de Santiago, co Colexio de Avogados de Santiago nin coa Deputación de Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadre de persoal da Universidade de Santiago de Compostela, do Colexio de Avogados de Santiago, nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

#### IX. COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademáis, as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; por parte dos concellos, polo representante que, no seu caso designen, e por parte da Escola de Práctica Xurídica de Santiago polo seu director e mais polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

## X. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas en cada anualidade alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia a efectos de imputación de gastos do presente convenio establecido no seguinte párrafo e na cláusula DÉCIMOCTAVA.

Polo que se refire a anualidade correspondente ao ano 2016 o convenio terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia a efectos de xustificación ata o día 31 de marzo de 2017.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Escola de Práctica Xurídica, a través da Universidade de Santiago, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula OCTAVA antes do 31 de marzo de 2017.

A xustificación poderá tamén facerse fraccionada en dous periodos, un antes do 15 de decembro de 2016 e outro antes do 31 de marzo de 2017; en tal caso, a Deputación realizará o aboamento da subvención conforme as cantidades xustificadas en cada periodo.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcurrido o prazo sinalado sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Universidade de Santiago para que a presente no prazo imprrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demás responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Escola de Práctica Xurídica na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ó aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## XI. RESPONSABILIDADE.

O alumnado non asumirá nunca directamente a responsabilidade das labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo Concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que ésta designe.

O feito de que o alumnado realice a súa labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña,

Universidade de Santiago, Colexio de Avogados de Santiago, Escola de Práctica Xurídica, Director da mesma e profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

Así mesmo, as partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que pudieren xurdir a través desta comisión de seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de coordinación entre as administracións e institucións, así coma interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

## **XII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.**

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## **XIII. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas e dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar, cando menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **XIV. CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consoante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2077, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financiero sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a aplicación efectiva dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de azuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XV. REINTEGRO, INFRACCIÓNNS E SANCIÓNNS.**

1. O incumprimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá carrexar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, a demora na realización da actividade carrexará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se a demora non excede de tres meses. Se a demora na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada, co límite de 150,00 €.

4. Se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. Así mesmo, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grado máximo e suporá o 30% do importe da subvención sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XVI. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demáis normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de xuño, de Subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XVII. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Correspondelle aos órganos da jurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita jurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

## XVIII. VIXENCIA

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia a efectos de xustificación ata o día 31 de marzo de 2017.

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das Administracións intervintes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas.

Por acordo expreso da ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes preceptivos do Servizo de patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## XIX. CUMPRIMENTO DO CONVENIO.

O incumprimento da calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a resolución do mesmo.

Este convenio ten carácter administrativo, e as cuestións que poidan xurdir en relación con el serán competencia da jurisdicción contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data 30 de setembro de 2016

En proba de conformidade, ambas partes asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio.

O PRESIDENTE, P.D.  
O DEPUTADO DE  
CONTRATACIÓN,  
PATRIMONIO  
E EQUIPAMENTO DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Xesús Manuel Soto Vivero



Juan Manuel Víaño Rey

O DECANO DO ILUSTRE  
COLEXIO DE AVOGADOS DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Evaristo Nogueira Pol

